


MOVIMENTOS HORIZONTAIS DA LITOSFERA


Da deriva continental á tectónica de placas




A Tectónica de placas é unha teoría globalizadora que explica os procesos xeolóxicos que teñen lugar na superficie terrestre como consecuencia da actividade interna da Terra.

Baséase en dúas teorías:

A Deriva continental e a teoría da Expansión dos Fondos Oceánicos.






Teoría da Deriva Continental

Alfred Wegener (1912)



“A orixe dos continentes e dos océanos”

Os continentes desprázanse



Teoría da Deriva Continental

Foi enunciada polo científico alemán **Alfred Wegener**, que no ano 1915 publicou a súa teoría na súa obra “A orixe dos continentes e océanos”.

Segundo esta teoría, ao principio os continentes estaban unidos formando un único continente chamado **Panxea** rodeado dun único océano denominado **Panthalassa**.

Esta masa continental única fragmentouse en varios bloques que se converteron en continentes actuais.




PROBA 1






Para apoiar a súa teoría, Wegener aportou as seguintes probas:


- **Probas xeográficas**: Se tomamos como límite dos continentes o final da plataforma continental (noiro continental), podemos observar que estes encaixan perfectamente, como as pezas dun quebracabezas.




PROBA 2




- Probas paleontolóxicas: Se estudiamos os fósiles antigos, podemos observar que existen as mesmas especies, tanto de flora como de fauna, en continentes que hoxe en día están separados. Estas especies non puideron cruzar os océanos.





© I.C.L.




PROBA 3




- **Probas paleoclimáticas**: Analizando as **rochas e sedimentos** de hai uns 250 millóns de anos ponse en evidencia a existencia de **rexións tropicais e desertos cálidos nas actuais rexións polares**
- e tamén de mostras de **glaciacións nas actuais rexións tropicais**.
- É dicir, podemos atopar rochas formadas en climas fríos, como as tillitas mariñas, en zonas que hoxe teñen un clima tropical, e viceversa.



PROBA 4



- Probas xeolóxicas e tectónicas: Estudando as formacións montañosas, pódese observar que estas teñen continuidade a un lado e outro do océano, e que están formadas polo mesmo tipo de rochas e da mesma antigüidade, o que indica que cando se formaron, os continentes estaban máis próximos.



https://www.youtube.com/watch?time_continue=1&v=oshtOcIN7xg

Video deriva
continental

